



CONSTRUÍENDO ARTRÓPODOS

Introducción

Os artrópodos, coa súa diversidade sorprendente e as súas adaptacións únicas, son verdadeiros mestres da supervivencia e a evolución.

Con esta actividade o alumnado non só aprenderá os segredos dos artrópodos e as súas características, senón que tamén se convertirán en artesáns da natureza creando modelos tridimensionais que capturarán a esencia destes seres asombrosos.

Obxectivos

- Permitir que o alumnado explore e comprenda a estrutura dos artrópodos mediante a creación de modelos tridimensionais con lápices 3D.
- Fomentar a creatividade e o traballo en equipo ao realizar os modelos.

Materiais

1. Lápices 3D e filamentos de diferentes cores.
2. Imaxes ou diagramas de artrópodos para referencia.
3. Funda de plástico para meter o folio coas imaxes e crear co lapis 3D por enriba.
4. Cartolina ou papel para presentar os modelos.

Procedemento

1. Breve explicación sobre o que son os artrópodos, a súa clasificación e as súas características principais.
2. Organización dos Equipos:
 - 2.1. Dividir ao alumnado en equipos de 3 a 4 integrantes. Cada equipo será responsable de crear un modelo tridimensional dun tipo específico de artrópodo.
3. Investigación e Planificación:
 - 3.1. O alumnado terá tempo para investigar sobre o artrópodo asignado ao seu equipo.
 - 3.2. Cada equipo deberá planificar o seu modelo, tendo en conta as características físicas do artrópodo (número de patas, segmentos corporais, antenas, etc.).
4. Creación dos Modelos:
 - 4.1. Unha vez que os equipos teñan unha idea clara do seu modelo, comezarán a crear os seus artrópodos tridimensionais utilizando os lápices 3D.

5. Presentación dos Modelos:

5.1. Unha vez que os equipos terminen os seus modelos, organizarase unha sesión de presentación onde cada equipo amosará o seu artrópodo tridimensional ao resto da clase.

5.2. Os equipos deberán explicar as características do artrópodo representado no seu modelo e como aplicaron o seu coñecemento sobre os artrópodos na súa creación.


6. Reflexión e Avaliación:

6.1. Despois das presentacións, fomenta unha discusión sobre o proceso de creación e o que aprendeu o alumnado sobre os artrópodos.

6.2. Avalía os modelos tendo en conta a súa precisión científica, creatividade e esforzo colaborativo dos equipos.

Recursos

1. Algúns modelos de artrópodos nos que se ven claramente as partes ben diferenciadas para imprimir e crear cos lapis 3D.



Imaxe 1: Modelos de artrópodos.

2. A imaxes están recollidas de Pixabay
 - 2.1. Mariquiña

- 2.2. Cangrexo
- 2.3. Abella
- 2.4. Araña
- 2.5. Miriáodo
- 2.6. Bolboreta
- 2.7. Libélula
- 2.8. Escarabello

Resultado final dalgún dos artrópodos



Imaxe 2: Artrópodos feitos cos lapis 3D.